



Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 NSC	Documento 21119I03H2	
Código de verificación  4Q3I 646D 5B66 112V 0TO3	Expediente 211/2025/345	
	Fecha 11-06-2025	

INFORME PROPOSTA AUTORIZACIÓN DO GASTO

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia coinciden en lle atribuír ao municipio a competencia para promover toda a clase de actividades que contribúan a satisfacer as aspiracións da comunidade veciñal, entre as que se atopan as destinadas as “actividades ou instalacións culturais e deportivas” e a “ocupación do tempo libre”.

No uso desta atribución de competencias, o Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2025 recolle na aplicación 52.341.48950 unha subvención individualizada a favor da entidade Asociación Coruñesa de Waterpolo con CIF G15972292, por importe de 5.000,00 € coa finalidade do: Fomento e promoción do waterpolo.

Respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións [LXS], que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Así mesmo, a Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada polo Pleno municipal na sesión do día 6 de xuño de 2024 e publicada no BOP do 16 de agosto de 2024, prevé no artigo 31 que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 da LXS, e que os convenios serán o instrumento habitual para o outorgamento das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

A dita entidade solicitou no Rexistro electrónico deste Concello a admisión a trámite do convenio, para o que entregou a documentación requirida e acreditou o cumprimento dos requisitos esixidos pola antedita normativa.

Por iso, redactouse o texto do convenio que se achega como anexo a esta proposta (CSV en galego 1R6R 5Y2M 6S55 263E 0SXG e CSV en castelán 1G4P 4C6A 3215 6W4S 158L), no que se recollen as obrigas das partes. O convenio ten carácter anual.

A resolución que se adopte é competencia da Xunta de Goberno Local e foi delegada no concelleiro responsable de Deportes por acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129, do 05.07.2024); segundo o anterior, propónse:

Primeiro. - Autorizar o gasto e concederlle á entidade Asociación Coruñesa de Waterpolo con CIF G15972292, unha subvención nominativa coa finalidade do: Fomento e promoción do waterpolo, por importe de 5.000,00 €, gasto imputable á aplicación 52.341.48950 do Orzamento de 2025.

Segundo. - Autorizar a formalización do convenio de colaboración, que se achega como anexo (CSV en galego 1R6R 5Y2M 6S55 263E 0SXG e CSV en castelán 1G4P 4C6A 3215 6W4S 158L), entre o Concello da Coruña e a entidade Asociación Coruñesa de Waterpolo, ata o 31 de decembro de 2025, coa finalidade de contribuír ao financiamento do: Fomento e promoción do waterpolo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa do Servizo de Deportes

Autorizo,



Concello da Coruña

Patricia Vázquez García

O concelleiro responsable de Deportes

Manuel José Vázquez Martínez

A alcaldesa

Inés Rey García